

Calendario do procedemento **de** **admisión e matrícula**

- 1. Do 15 xaneiro ao 5 de febreiro: Reserva de praza para o instituto IES Fin do Camiño no centro de orixe.**
- 2. 22 febreiro** publicación **listaxe definitiva** do alumnado con posto reservado no **IES Fin do Camiño**.
- 3. Do 1 ao 20 de marzo:** Presentación da **solicitud de admisión**
- 4. 25 de abril:** Publicación das **listaxes provisionais** de persoas admitidas e non admitidas. Poderase facer reclamacións nun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar.
- 5. 15 de maio:** Publicación das **listaxes definitivas** de persoas admitidas e non admitidas.
- 6. 20 de xuño ao 1 de xullo:** **Formalización da matrícula.**

NORMATIVA

Segundo a *ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación :*

1º. Todo o alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. A solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

3º. A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.

Máis información en:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>